EXPEDIENTE	Modificación da ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública.
TRÁMITE	Publicación memoria e texto inicial na sede electrónica.

Polo Pleno deste Concello na súa sesión do 09.02.2018, apróbase inicialmente a 1ª modificación da ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública.

De conformidade co art. 49 da Lei 7/1985 procédese a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días hábiles, para que poidan formular reclamacións e suxestións.

A estes efectos publicarase anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios e edictos electrónico municipal.

Así mesmo, e segundo os arts. 133.2 da Lei 39/2015, art. 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), publícase pola presente anuncio de exposición, acompañado do texto do proxecto, das memorias ou instrumentos xustificativos e os informes emitidos, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións. Isto sen prexuízo da consulta do expediente no seu conxunto, de así instarse.

O prazo de exposición e audiencia estenderase dende o día seguinte á primeira publicación ata a finalización do prazo contado desde a última.

De non presentarse reclamacións en prazo e de acordo co referido art. 49 da Lei 7/1985, a ordenanza considerarase definitivamente aprobada, entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no BOP e o transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da mesma Lei, segundo dispón o seu art. 70.2. Publicarase, así mesmo, na sé electrónica municipal, de conformidade co art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4).

DOCUMENTO	**CSV**
INFORME-PROPOSTA DO DIRECTOR XERAL DA ÁREA DE URBANISMO E SERVIZOS XERAIS	VQN42VP3VG53LO9O
INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA	D8EQCFADJ44X4V56
NOVO INFORME-PROPOSTA DO DIRECTOR XERAL DA ÁREA DE URBANISMO E SERVIZOS XERAIS (CONTÉN TEXTO INICIALMENTE APROBADO).	SWY5NBM04OKOR441
CERTIFICADO ACORDO APROBACIÓN DO PROXECTO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL	IOZWTUSF7N4LAJDR

**Os documentos relacionados na táboa anterior pódense consultar na sede electrónica do concello, introducindo o código seguro de verificación CSV, no seguinte enlace:*

http://sede.pontevedra.gal/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml

Os restantes documentos integrantes do expediente (relativos á súa tramitación: ditames da Comisión plenaria competente; o acordo plenario; e outros documentos, etc.) poderán ser consultados segundo o sinalado nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno deste Concello.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta Secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) e 114.7 do Regulamento Orgánico Municipal.

Pontevedra, ao día da sinatura
O secretario xeral do Pleno

Firmado por: JOSÉ LUIS MATO RODRÍGUEZ
Servizo: SECRETARÍA XERAL PLENO
Cargo: SECRETARIO
Fecha: 12/02/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:6P039PJVLI4FFSK8